

Estatísticas do sector turístico. Ano 2004
COMUNICADO

**NOTABLE INCREMENTO DA DEMANDA NOS
ESTABLECEMENTOS HOTELEIROS E CASAS DE TURISMO
RURAL DE GALICIA DURANTE O ANO 2004**

Efectuadas no ano 2004 máis de 8 millóns de pernoitas nos establecementos hoteleiros e casas de turismo rural

Impulsado pola celebración do Ano Xacobeo, o balance do ano 2004 presenta un saldo moi positivo con importantes incrementos nas taxas de variación interanuais.

No conxunto destes establecementos houbo 3.838.646 viaxeiros, 662 mil máis que no ano anterior, o que en termos relativos supón unha taxa de variación do 20,9%.

O número de pernoitas efectuadas por estes ascendeu a 8.217.364, un 22,1% superior ao número do ano 2003.

A estancia media, calculada como o cociente entre as pernoitas e os viaxeiros, sitúa en 2,14 días o tempo medio de permanencia de cada viaxeiro nos establecementos obxecto de estudo, valor lixeiramente superior ao do ano 2003.

O grao de ocupación por prazas medio rexistrado no ano 2004 foi superior en case cinco puntos ao do 2003 ata alcanzar o 36,22%, valor que supón unha taxa de variación interanual do 14,9%. Durante a fin de semana, este grao de ocupación por prazas foi do 40,91%. O grao de ocupación por habitacións do ano 2004 foi do 40,69%, superior ao de por prazas en 4,5 puntos porcentuais.

Principais resultados. Ano 2003. Galicia

Establecementos hoteleiros e casas de turismo rural	Dato	Variación 2004/2003 (%)
Viaxeiros entrados	3.838.646	20,9
Pernoitas	8.217.364	22,1
Estancia media	2,14	1,0
Grao ocupación por prazas medio	36,22	14,9
Grao ocupación por prazas en fin de semana	40,91	-
Grao ocupación por habitacións	40,69	-

Fonte: IGE, INE. Enquisa de ocupación hoteleira e Estatística de ocupación no turismo rural

Nota: - non procede, variable introducida no ano 2004

27 maio 2005

En canto á procedencia desta demanda, o 84,4% dos viaxeiros eran españois, de Galicia o 28,2% e do resto de España o 56,2%. A Comunidade de Madrid, con 638.851 viaxeiros que equivalen ao 16,6% dos viaxeiros totais, foi o primeiro mercado emisor nacional para Galicia.

O número de viaxeiros estranxeiros foi de 599.964 persoas, o restante 15,6% dos viaxeiros. Dentro deles, o 31,1% proceden de Portugal, do resto da Unión Europea o 44,2% e do resto de países o 24,7%.

Viaxeiros entrados e pernoitas. Distribución por lugar de procedencia. Ano 2004. Galicia

Lugar procedencia	Viaxeiros entrados		Pernoitas	
	Dato	%	Dato	%
Galicia	1.082.175	28,2	2.280.949	27,8
Principado de Asturias	180.429	4,7	350.168	4,3
Castela-León	216.576	5,6	473.352	5,8
Cataluña	246.202	6,4	498.986	6,1
Comunidade de Madrid	638.851	16,6	1.383.258	16,8
Resto de España	874.449	22,8	2.066.072	25,1
Portugal	186.703	4,9	327.539	4,0
Resto da U.E.	264.908	6,9	499.283	6,1
Resto países	148.353	3,9	337.760	4,1
Total	3.838.646	100,0	8.217.364	100,0

Fonte: IGE, INE. Enquisa de ocupación hoteleira e Estatística de ocupación no turismo rural

Preto do 75% do conxunto de viaxeiros estiveron aloxados en establecementos hoteleiros de categoría de ouro

A maioría dos viaxeiros que se aloxaron en establecementos hoteleiros e casas de turismo rural galegos durante o ano 2004 fíxoo en establecementos hoteleiros de categoría de ouro. Así, preto do 75% dos viaxeiros e do 70% das pernoitas están asociados a este grupo.

Polo que respecta ao grao de ocupación por prazas medio do ano 2004, foron tamén os establecementos hoteleiros de categoría de ouro os que acadaron o valor máis alto (43,53%), séguelles os de categoría de prata cun valor de 28,16% e, no último lugar, estarían as casas de turismo rural co 18,46%.

Viaxeiros entrados, pernoitas e grao de ocupación por prazas medio. Datos por lugar de procedencia. Ano 2004. Galicia

Grupo	Viaxeiros entrados			Pernoitas			Grao de ocupación por prazas medio (%)	
	Dato	%	Variación 2004/2003 (%)	Dato	%	Variación 2004/2003 (%)	Dato	Variación 2003/2002 (%)
Estrelas de ouro	2.856.190	74,4	25,5	5.692.944	69,3	27,9	43,53	16,7
Estrelas de prata	819.799	21,4	6,3	2.181.004	26,5	8,2	28,16	7,5
Casas de turismo rural	162.658	4,2	26,2	343.416	4,2	30,6	18,46	21,0
Total	3.838.646	100,0	20,9	8.217.364	100,0	22,1	36,2	14,9

Fonte: IGE, INE. Enquisa de ocupación hoteleira e Estatística de ocupación no turismo rural

As provincias da Coruña e Pontevedra son os principais lugares de aloxamento dos viaxeiros que viñeron a Galicia

Os establecementos situados nas provincias da Coruña e de Pontevedra son os que tiveron máis importancia en termos de demanda, xuntos captaron valores próximos ao 80% dos viaxeiros e das pernoitas totais de Galicia.

A provincia da Coruña, con 1.709.632 viaxeiros e 3.431.250 pernoitas, foi o destino máis demandado. Ao comparar estes valores cos do ano 2003, foi tamén a provincia que máis creceu, un 25,6% os viaxeiros e un 24,9% as pernoitas. Cómpre ademais sinalar o feito de que máis do 50% da demanda dos establecementos hoteleiros de categoría de prata se efectuou nesta provincia.

A continuación, con 1.307.777 viaxeiros e 3.359.515 pernoitas, está a provincia de Pontevedra. Neste caso, os viaxeiros incrementáronse un 17,6% e as pernoitas un 20,8% respecto ao ano 2003. Pontevedra caracterizouse por ser o destino onde máis tempo permanecen os viaxeiros, 2,14 días, e por concentrar preto do 50% das pernoitas efectuadas en establecementos hoteleiros de categoría de ouro.

No referente ao grao de ocupación por prazas medio, as provincias de Pontevedra e A Coruña tiveron os niveis máis altos de ocupación con valores do 41,31% e 38,74% respectivamente, Ourense o máis baixo, 24,59%, aínda que próximo ao 25,41% de Lugo.

Viaxeiros entrados, pernoitas e grao de ocupación por prazas medio. Datos por lugar de procedencia. Ano 2004. Galicia

Grupo	Viaxeiros entrados			Pernoitas			Grao de ocupación por prazas medio (%)	
	Dato	%	Variación 2004/2003 (%)	Dato	%	Variación 2004/2003 (%)	Dato	Variación 2003/2002 (%)
A Coruña	1.709.632	44,5	25,6	3.431.250	41,8	24,9	38,74	16,5
Lugo	509.688	13,3	19,3	844.485	10,3	20,8	25,41	11,5
Ourense	311.549	8,1	12,9	582.115	7,1	15,9	24,59	8,6
Pontevedra	1.307.777	34,1	17,6	3.359.515	40,9	20,8	41,31	15,5
Galicia	3.838.646	100,0	20,9	8.217.364	100,0	22,1	36,22	14,9

Fonte: IGE, INE. Enquisa de ocupación hoteleira e Estatística de ocupación no turismo rural

Os viaxeiros aloxados en establecementos de 3 e máis estrelas galegos gastaron ao día unha media de 142,61 euros

Un viaxeiro aloxado nun establecemento hoteleiro galego de tres e máis estrelas gastou unha media de 142,61 euros ao día, 7,51 euros máis que un ano antes, o que se traduce nun incremento do 3,3% en termos correntes.


A maior parte destinado ao aloxamento (55,47€) e á comida en restaurantes, cafetarías e bares (45,90€) e o 29% restante distribuído entre compras, ocio, desprazamentos e outros gastos.

O gasto total efectuado por estes viaxeiros ascendeu a 532,1 millóns de euros, un 34,83% máis que no ano 2003 en termos correntes.

Gasto dos viaxeiros aloxados en establecementos hoteleiros de 3 e máis estrelas. Ano 2004. Galicia

	Dato	Variación 2004/2003 (%)
Gasto diario medio (euros)	142,61	3,3
Gasto total (miles de euros)	532.067,26	34,8

Fonte: IGE. Estatística do gasto do turismo que pernoita en establecementos hoteleiros




Fonte: IGE. Estatística do gasto do turismo que pernoita en establecementos hoteleiros

Asalariado do sector privado non galego con estudos superiores

Durante o ano 2004, o perfil sociodemográfico do viaxeiro que se aloxou nun establecemento hoteleiro galego de tres ou máis estrelas correspóndese co dun home (57,8%), con idade comprendida entre 29 e 50 anos (33,9%), con estado civil casado (73,7%), con estudos superiores (52,2%) e que no 51,8% era asalariado do sector privado.

En canto á caracterización da viaxe, case o 60% dos desprazamentos do ano 2004 obedeceron a motivacións de vacacións ou ocio, por motivos de traballo foron o 29,2%.

O principal medio de transporte utilizado polos viaxeiros non galegos para acceder a Galicia foi o coche propio (58,5%). Outro medio importante foi o avión, no que chegaron o 29,8%.



Fonte: IGE. Estatística do gasto do turismo que pernoita en establecementos hoteleiros



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

27 maio 2005

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Comunicados en : <http://www.ige.xunta.es>
e-mail: ige@xunta.es